

## A poesía das Irmandades

### 1 A poesía na época das Irmandades

Despois do brillante período do Rexurdimento, na literatura galega abriuse unha nova etapa marcada pola continuidade temática e formal dos seguidores de Rosalía, Pondal e Curros. Nas primeiras décadas do século XX xorden dous movementos sociais e ideolóxicos que cómpre analizar para encadrar a dinámica das nosas letras nesta época: a aparición da ideoloxía agrarista e a creación das Irmandades da Fala. Arredor das Irmandades da Fala aglutináronse os principais autores desta época, asumindo, en maior ou menor medida, o seu ideario galeguista como signo identitario de Galicia.

As dúas figuras máis importantes deste período foron Ramón Cabanillas e Noriega Varela. Ao mesmo tempo, é preciso falar doutras figuras, relegadas a un papel secundario, que asumiron os mesmos principios e publicaron a súa obra na época das Irmandades, como son Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo, Xerardo Álvarez Limeses e Xosé Crecente Vega.

### 2 Ramón Cabanillas

**Ramón Cabanillas Enríquez** naceu en Fefiñáns (Cambados, Pontevedra) en 1876. Cursou os primeiros estudos no seminario de Santiago de Compostela, onde se iniciou no coñecemento dos autores clásicos e na paixón pola lectura. Cando tiña dezasete anos abandonou o seminario e volveu a Cambados. Empezou a traballar en labores administrativos, primeiro nunha notaría e despois no concello, e publicou os seus primeiros versos en castelán.

En 1910, casado e con 34 anos, emigrou a Cuba. Na Habana exerceu como contable de comercio e como administrador do Teatro Nacional, que rexentaba o Centro Galego. Os intelectuais galeguistas da illa acollérono moi ben e foron eles os que o animaron a escribir en galego e a afondar no seu compromiso con Galicia. Froito deste compromiso foron os seus dous primeiros libros: *No desterro*, prologado polo dirixente agrarista Basilio Álvarez, que o reconece como sucesor de Curros, e *Vento mareiro*.

En 1915 regresou a Galicia con merecida sona de poeta. Volveu ao seu traballo na administración local, como secretario do concello de Mos (Pontevedra) e iniciou unha estreita colaboración coas Irmandades da Fala e co seu fundador, Antón Villar Ponte. En 1920 ingresou na Real Academia Galega. Pouco despois trasladouse a Madrid, onde fundou a primeira revista infantil en galego, *As Roladas* (1922).



Casa natal de Ramón Cabanillas.

Tras verse obrigado a dimitir da secretaría do concello de Mos, traballou no balneario de Mondariz, onde editou *O bendito San Amaro*, con debuxos de Castelao, e preparou a edición de *Na noite estrelecida* (1926). En 1929 ingresou na Real Academia Española, en virtude dunha disposición do goberno de Primo de Rivera que asignaba dous postos nesta institución a cada unha das culturas con lingua propia.

Participou na fundación do Partido Galeguista formando parte da candidatura que esta organización política presentou pola provincia de Pontevedra ás Cortes Constituíntes en 1931, sen resultar electo. En 1933 foi nomeado vocal do Consello Nacional de Cultura, nun momento de goberno de dereitas, o que lle ocasionou críticas por parte de certos sectores galeguistas. Afastado de toda actividade política e mesmo cultural, a sublevación militar que desencadeou a Guerra Civil sorprendeuno en Madrid. De alí pasou a Valencia onde colaborou con Castelao e con outros políticos e intelectuais favorables ao goberno da República. Aínda que non se coñecen moitos pormenores da súa peripecia vital nos primeiros momentos da guerra, pola súa correspondencia sabemos que en 1937 xa está en territorio dos «nacionais», no seu Cambados natal.

Rematada a contenda bélica, traballou como secretario en diversos concellos galegos. Máis tarde instalouse en Madrid, alternando tempadas en Baracaldo, na casa dunha das súas fillas. En 1948 profesou na venerable Orde Terceira franciscana, e iniciou unha estreita relación co mosteiro de Samos (Lugo), onde concibe e talvez escribe o libro co mesmo título.

Os últimos anos da súa vida pasounos en Cambados, onde finou en 1959.



## 2.1 Obra

Cabanillas foi un dos escritores máis fecundos da literatura galega. O seu xénero preferido foi a poesía, pero tamén cultivou o teatro, a prosa poética, o estudo da literatura popular e a tradución.

A **súa produción lírica** abrangue os seguintes títulos: *No desterro* (1913), *Vento mareiro* (1915), *Da terra asoballada* (1917), *O bendito San Amaro* (1925), *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas* (1927), *Camións no tempo* (1949), *Da miña zanfona* (1954) e *Samos* (1958).

Cabanillas escribiu, así mesmo, **dúas pezas teatrais**: *A man de Santiña* (1921) e *O Mariscal* (1926), esta última en colaboración con Antón Villar Ponte. Tamén escribiu algúns libretos de teatro lírico e outras composicións a xeito de loas que se poden encadrar no teatro litúrxico.

En **prosa** destacan os seus discursos de ingreso nas Academias (galega e castelá) e algúns prólogos. Como investigador da literatura popular publicou *Antifona da cantiga* (1951), que é o libro que inaugurou o importante labor da editorial Galaxia.

Do seu labor como **tradutor** deixounos *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955), un conxunto de versións para o galego dos seus autores preferidos de diferentes épocas e de diferentes literaturas.

## 2.2 A estética de Cabanillas

A poesía de Cabanillas sintetiza a tradición decimonónica do Rexurdimento e as diferentes contribucións dos movementos estéticos de finais do século XIX e comezos do século XX. Na súa estética prodúcese unha confluencia de rexistros de moi variada índole:

- A obra dos **poetas clásicos greco-latinos**, especialmente Horacio e Ovidio, que coñecera durante a súa estadía no seminario.
- Os **grandes mestres do Rexurdimento**, Rosalía, Pondal e Curros, na obra dos cales achou inspiración e motivos.
- A **tradicón folclórica galega**, da que demostrou ser un excelente coñecedor na súa *Antifona da cantiga*.
- O **romantismo europeo tardío** (Heine) e o **simbolismo** e o **postsimbolismo** (Baudelaire, Rimbaud, Verlaine).
- O **modernismo hispano** de Rubén Darío.
- O **saudosismo portugués** de Teixeira de Pascoaes.
- O dramaturgo irlandés William B. Yeats e o poeta inglés da época vitoriana, Alfred Tennyson, que, na segunda metade do século XIX, resucitara as lendas da corte do rei Artur.

Todos estes elementos conforman unha obra rica e plural, con rexistros e temas innovadores na literatura galega (poesía relixiosa e bucólica, lendas da tradición artúrica...) e un tratamento distinto da arte poética en que se combinan a plasticidade, o sensualismo e un perfecto dominio da métrica e da lingua.

## 2.3 Traxectoria poética de Cabanillas

Cabanillas foi poeta serodio. Publicou a súa primeira obra cando xa contaba 37 anos, pero a súa facilidade para escribir fixo que ao longo da súa dilatada vida deixase un número moi importante de obras. Na súa traxectoria poética distínguense catro etapas:

- **Etapas de formación (1910-1915)**. Cabanillas empezou a escribir poesía en castelán antes de emigrar a Cuba. Por influencia dos intelectuais galeguistas da illa, especialmente de Basilio Álvarez, asumiu o compromiso de escribir en galego.

Na etapa da emigración cubana publicou os seus dous primeiros libros, *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915), ambos dunha grande similitude formal e temática. No aspecto formal nótase a influencia dos poetas do Rexurdimento, sobre todo de Rosalía e Curros, así como a incorporación das novidades métricas e estilísticas do modernismo de Rubén Darío. En canto aos temas, predominan os de carácter intimista e descritivo, a pesar de que os máis coñecidos son os de tipo social ou reivindicativo. Estes últimos amosan a voz dun poeta civil que denuncia a miseria dos labregos, o abuso dos caciques e dos fidalgos, e que reivindica a necesidade da supresión dos foros e doutros atrancos que impiden o desenvolvemento e o progreso da sociedade campesiña.



Ramón Cabanillas.



- **Etapa galeguista (1916-1920).** A esta etapa corresponden a obra *Da terra asoballada* (1917), algúns poemas que máis tarde incluíu na segunda edición de *Vento mareiro* (1926), e a peza teatral *A man de Santiña* (1921). Influído pola constitución das Irmandades da Fala, Cabanillas asume a voz do poeta civil que loita polos intereses de Galicia e a súa pluma ponse ao servizo da difusión do ideario galeguista.

O ton revolucionario agrarista dalgúns poemas da época anterior vese substituído agora por un verniz máis didáctico e educativo, co fin de achegar ao pobo as ideas do galeguismo. Dentro das coordenadas oprimido/opresor coas que analiza a realidade social, nesta etapa Galicia pasa a substituír ao labrego como suxeito dos abusos e das inxustizas. Por exemplo, xa non todos os fidalgos son corruptos e sanguinarios, pois, como sucede no que representa o personaxe de *A man de Santiña*, pode haber algún que é recto e honrado e amante da súa terra.

Por outro lado, nos seus versos aparecen múltiples referencias ao discurso político que defendían as Irmandades: a importancia do idioma na conformación da nación, o modelo irlandés, o celtismo, etc.

- **Etapa mitolóxica (1921-1930).** Coincidindo coa reorientación ideolóxica das Irmandades cara a posturas máis culturalistas, na liña das ideas estéticas e políticas de Risco, Cabanillas escribe agora unha poesía empeñada en reconstruír o pasado mítico de Galicia. As obras máis representativas desta etapa son *Na noite estrelecida* (1926) e o drama *O Mariscal* (1926), que eleva a figura do nobre galego Pedro Pardo de Cela á categoría de mártir das liberdades galegas, por se opoñer á represión das tropas da raíña Isabel a Católica.

A lingua poética é máis elaborada e conceptuosa, con frecuentes referencias eruditas e un sistema pechado de símbolos de raíz culta. A métrica alterna versos de corte clásico, como o alexandrino, con outros de tipo popular, como o romance e outras estrofas de tradición popular.

- **Etapa de posguerra (1939-1959).** A partir de 1931, Cabanillas deixa de publicar e de escribir, salvo algúns poemas de circunstancias durante a República e dous romances publicados durante a guerra en revistas da resistencia antifascista. No entanto, a finais da década de 1940 empeza unha segunda madurez creadora. Dada a situación de penuria e persecución política que padecía o galego, a voz de Cabanillas volve asumir o papel simbólico de recuperación e dignificación cultural que desempeñara nas primeiras décadas do século. Neste proceso de tímida rexeneración da cultura galega nos difíciles anos da posguerra, é de salientar a publicación de *Camiños no tempo* (1949), que inaugura a editorial Bibliófilos Gallegos, e de *Antifona da cantiga* (1951), que foi a primeira obra que saíu na editorial Galaxia.

Posteriormente aparecerían *Da miña zanfona* (1954) e *Samos* (1958). Nesta etapa a súa poesía alcanza un elevado nivel técnico, sobre todo no emprego do verso clásico que alterna entre as tiradas de pareados alexandrinos, os hendecasilabos brancos, as silvas e os sonetos.

## 2.4 Liñas poéticas de Cabanillas

Na poesía de Cabanillas distínguense dúas grandes modalidades: a poesía lírica e a poesía narrativa.

Dentro da **poesía lírica** aparecen composicións de tres tipos: poesía intimista, poesía cívica e poesía costumista.

- A **poesía intimista** trata temas referidos ao amor, á natureza e á recreación de vivencias do seu pasado. A obra máis representativa desta tendencia é *A rosa de cen follas*, que constitúe unha homenaxe a Rosalía e á poesía romántica, con predominio do tema amoroso.

*Inda nos meus beizos arde  
con labaradas de febre:  
o bico daquela tarde.*

*Qué puxeche nel non sei.  
¡Tempo e tempo que vivira  
doutro mal non morrerei!*

- A **poesía cívica** recolle os postulados agraristas e o ideario das Irmandades da Fala. Non é a máis abundante, pero si a máis coñecida. Poemas como «A Basilio



Cabanillas foi un dos poetas máis prolíficos en lingua galega. Velaquí algunhas das súas obras.



Álvarez», «¡En pé!», «Acción Gallega», «A un cacique», «Lume no pazo», «A fouce esquecida» son auténticas proclamas anticaciquís e antiseñoriais, que fixeron que Cabanillas fose presentado como o sucesor de Curros. A emigración, que el coñeceu por experiencia persoal, non lle provoca a máis mínima crítica social; no poema inicial de *No desterro*, «Camiño adiante», incluso se presenta como un feito liberador do labrego que marcha canso de sufrir tanta humillación e tanta inxustiza.

- A **poesía costumista** fala de tipos e costumes rurais cunha nova perspectiva crítica e humorística. Exemplos desta poesía son a súa descrición humorística dun Pierrot labrego («Da traxedia de Pierrot», no libro *Vento mareiro*) e o arremedo obsceno da lenda do paxaro de Armenteira, do libro *No desterro*.

Na **poesía narrativa** recrea un pasado cheo de esplendor e augura un futuro esperanzador para Galicia. As obras máis representativas son *O bendito San Amaro* (1925) e *Na noite estrelecida* (1926). Esta obra, o cume poético de Cabanillas, é un longo poema narrativo, dividido en tres partes ou «sagas», elaborado con temas recollidos da materia de Bretaña –as lendas da corte do rei Artur e a busca do Santo Grial– e outros materiais da épica céltica e da tradición cristiá para adaptalos á reconstrución dun pasado mítico de Galicia. As sagas titúlanse «A espada Escalibur», «O cabaleiro do Sant Grial» e «O soño do Rei Artur».

### Estoria do Bendito San Amaro que foi chamado no mundo o Cabaleiro de Arentei

#### II

*Nun rexo pazo do monte,  
en onde a ermida se ergueu,  
vivía ó tempo o fidalgo  
Don Amaro de Arentei  
que un Domingo de Paixón,  
o peito cheo de fel  
a seu irmán deu a morte  
por ciumes dunha muller. [...]*

## 2.5 Lingua e métrica

Nas primeiras obras, Cabanillas emprega unha lingua baseada na forma oral do galego occidental, en particular o da comarca do Salnés, aínda que rexeitando o seseo e a gheada. Igual ca noutros escritores da época, na súa lingua aparecen castelanismos incorporados na fala e hipergaleguismos, por un afán diferenciador. Mais na medida en que avanza a creación da súa obra, Cabanillas corrixe e perfecciona a súa lingua, depurándoa de vulgarismos e castelanismos, e logrando un estándar li-



No cinema, igual ca na literatura, a materia de Bretaña inspirou numerosas obras. Na imaxe, fotograma da película *Excalibur*.

terario afastado das iniciais formas dialectais, aínda que con arcaísmos, hipergaleguismos e neoloxismos forzados.

Cabanillas foi un versificador de gran facilidade. Na súa obra utilizou metros e estrofas nunca utilizados ou aínda non perfectamente aclimatados na poesía galega anterior. É o primeiro poeta galego que ten un dominio absoluto da métrica e do ritmo, coa particularidade de que os seus versos flúen sempre en harmonía co contido e co tema de cada obra.

O verso que máis utiliza da arte menor é o octosílabo. Este verso axústao con facilidade ao romance narrativo, á canción amorosa, á sentenza moral, ao motivo folclórico, á denuncia social, á descrición paisaxística ou á expresión intimista.

Entre os versos de arte maior, o máis empregado é o hendecasilabo. Neste verso constrúe Cabanillas os seus sonetos, que representan a incorporación definitiva da lírica galega á métrica clásica. Outros versos que utiliza son o dodecasílabo e o alexandrino, en combinacións estróficas coma os sonetos con sirventeses e as sextinas de versos de doce sílabas.

## 3 Antonio Noriega Varela

**Antonio Noriega Varela** naceu en Mondoñedo en 1869. Cursou estudos no seminario da súa cidade natal, pero non chegou a se ordenar de sacerdote por problemas familiares. En 1895 gañou un certame poético celebrado en Mondoñedo cunha composición de carácter costumista, «De ruada», que ten moitas coincidencias coa poesía de Manuel Leiras Pulpeiro, outro poeta mindoniense, amigo e mestre de Noriega.




Despois de se graduar como mestre de primeiro ensino, desempeñou a profesión en distintos lugares de Galicia: Foz, Calvos de Randín, Trasalba, Santa María da Graña e Viveiro. En Foz, por influencia de Villar Ponte, que exercía alí como farmacéutico, entrou en contacto co movemento agrarista, que encabezaba Basilio Álvarez. Alí formou parte da redacción do periódico satírico local, *Guau Guau*, no que publicou algúns poemas de carácter reivindicativo e anticaciquil que lle ocasionaron problemas.

Por razóns que aínda non están moi claras foi trasladado a Calvos de Randín, na montaña do sur de Ourense. A estancia nesta localidade, preto da raia con Portugal, facilitoulle o contacto coa literatura portuguesa e, sobre todo, con Teixeira de Pascoaes, a quen profesou admiración e amizade. Anos máis tarde conseguiu o traslado a Trasalba, cerca de Ourense, onde coñeceu a Otero Pedrayo e os demais integrantes do grupo Nós. A etapa trasalbesa supón a maduración da súa arte poética e tamén a reafirmación da súa estética paisaxística en contra das novas tendencias poéticas que empezaban a cultivar outros poetas galegos da época.

Cada vez máis desvinculado das directrices culturais e políticas das Irmandades da Fala e dos intelectuais galeguistas, pasa a rexentar a escola de Santa María da Graña, no concello de Abadín (Lugo). Os últimos anos da súa carreira exerceunos na escola de Chavín, aldea do val de Viveiro, xa totalmente decantado a favor das ideas do réxime franquista, que considerou a súa escola como un exemplo. Faleceu en Viveiro en 1947.

### 3.1 Obra

A obra poética de Noriega gozou dunha importante difusión no seu tempo, debido a unha serie de circunstancias non sempre de estrito valor literario. Primeiro, porque, despois do seu traslado forzoso a Calvos, foi presentado como vítima da intransixencia do caciquismo; segundo,



Antonio Noriega Varela.

pola propaganda que da súa obra fixeron moitos dos curas que foran os seus compañeiros no seminario; terceiro, porque contou coa amizade de intelectuais tan relevantes coma os do Grupo Nós, que promoveron a edición máis lograda de *Do ermo* (Ourense, 1920); e cuarto, polo apoio que lle prestou ao novo réxime saído da Guerra Civil, que o propoñía como un exemplo.

Noriega foi autor dun único libro de poemas que sufriu un proceso de continua reelaboración, expurgando unhas composicións e engadindo outras novas, ata a súa última edición en vida. O título inicial da súa obra foi *Montañas* (1904 e 1910) pero, a partir da terceira edición, pasou a titularse *Do ermo* (1920, 1929 e 1946).

Na poesía de Noriega poden distinguirse dúas liñas superpostas que van evolucionando ao longo da súa vida:

- A que se corresponde coa primeira etapa, de **carácter costumista e ruralista**, moi influída polos poetas de finais do século XIX, en especial polo seu paisano Leiras Pulpeiro. No aspecto formal destaca polo dominio da lingua e da métrica popular, que dota os seus versos dunha gran musicalidade. En canto aos temas predominan os motivos paisaxísticos e a glosa, con ironía e graza sentenciosa, dos costumes, das tradicións e da ruda vida dos «brañegos», os campesiños da montaña dos arredores de Mondoñedo.
- A da segunda etapa, de **carácter máis culto e refinado**, que revela a lectura dos poetas clásicos latinos, a do nicaraguano Rubén Darío e a dos portugueses Antero de Quental, Guerra Junqueiro e Teixeira de Pascoaes, con quen mantivo unha intensa relación epistolar. Nesta etapa Noriega abandona o costumismo de tipo ruralista e escribe unha poesía moito máis elaborada, que se aprecia nun maior coidado da lingua e no emprego de estrofas cultas, coma o soneto. Sen abandonar os motivos da paisaxe montañesa, convértese en poeta das «humildes cousas que ninguén olla» –a raiola do sol, as «doíñas do rocío», as abruilas, as flores do toxo, da xesta e da carpaza, as fontes e as pucharcas, e mesmo un insignificante verme...– cunha actitude de atracción polo humilde e polos seres máis desamparados.

*Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!  
Eu venero as floriñas dos toxos.  
Dos toxales as tenues floriñas,  
que sorríen, a medo, entre espiñas.  
Entre espiñas que o ceo agasalla  
con diamantes as noites que orballa.  
¡Oh do ermo preciado tesouro:  
as floriñas dos toxos son de ouro!  
De ouro vello son, mai, as floriñas  
dos bravos toxales, ¡das devocións miñas...!*



Este **franciscanismo** é a manifestación literaria da profunda relixiosidade do autor, que concibe a súa obra como un canto á grandeza de Deus e que ve nos elementos da natureza un corolario de símbolos das virtudes cristiás: a humildade, a pobreza, a piedade, etc. Un exemplo da alusión ao pensamento de san Francisco de Asís vémosto no poema titulado «Pasa un vermiño»:

*Non me tripes, camiñante:  
cousiña insignificante,  
teño Un Santo a meu favor  
que lle chama ó lobo errante  
irmao e representante  
das finezas del Señor.*

Á súa obra de creación hai que engadir *A Virxe y-a paisanaxe* (1914), compilación de cántigas populares en honor da Virxe María recollidas en distintos lugares, que leva un prólogo de Basilio Álvarez, e *Como falan os brañegos* (1928), colección de refráns e ditos populares da súa terra publicada na editorial de Nós. Velaquí un exemplo de refrán recollido polo autor:

*Verzas que non has comer,  
deixaas ó demo ferver (ou cocer).*

#### 4 Outros poetas da época das Irmandades

- **Victoriano Taibo García** (Santiago 1865-Vigo 1966). Como poeta segue as mesmas directrices dos primeiros libros de Cabanillas: costumismo, lirismo intimista e poesía cívica. *Abrente* (1922) é o seu primeiro libro; en 1925 publicou *Da vella roseira*, un pequeno folleto dedicado ao poeta de Cambados.



- **Xerardo Álvarez Limeses** (Pontevedra 1871-1940). Colaborou en diferentes revistas e publicou un único libro de versos en galego, *Antre dous séculos. Versos gallegos* (1934), prologado por Castelao. A súa poesía denota continuidade dos temas do Rexurdimento con ecos de reivindicación social e denuncia agrarista.
- **Gonzalo López Abente** (Muxía 1878-1963). Cultivou a poesía, a narrativa e o teatro. En poesía publicou, entre outras, as seguintes obras: *Escumas da ribeira* (1911), *Alento da raza* (1918), *Nemancos* (1929) e *Centileos nas ondas* (1958). Na súa primeira etapa predominan os versos de contido amoroso e de reivindicación social, ao estilo dos de Cabanillas. Na última etapa da súa produción, os motivos principais son o mar e a paisaxe da súa terra.
- **Xosé Crecente Vega** (Castro de Rei, 1896-Segovia, 1948). Educado no seminario de Mondoñedo, a súa formación clásica maniféstase na elegancia e na sobriedade con que trata os temas populares. É autor dun único libro de poemas de inspiración campesiña, *Codeseira* (1933), dentro dunha liña estética tradicional.


#### Lume no pazo

Prendeu lume no pazo.  
A roxa labarada  
alumea a campía.  
Atrona as campanas  
o val.

Quentan o aire  
espesas bafaradas  
de fume.  
Corre a xente,  
berrando, atolondrada.  
Ó arde-lo cume, as tellas  
enroxecen e estalan.  
Caen, cruxindo, as vigas,  
e o lume ás catro bandas  
envolve a torre.

Muxen  
de medo os bois nas coadras.

A xente rube ó adro  
pra ver onde é a desgracia  
e, ó mirar cara ó pazo,  
detense amontoada.



Érguense as mans ó ceo  
e sanguíñenta, tráxica,  
refréxase nos ollos  
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,  
de guedelliñas brancas,  
que vive de milagre,  
xantando cando xanta,  
vestido de farrapos  
e durmindo cando cadra,  
—todo por mor dun preito  
de rendas atrasadas,  
no que os donos do pazo  
deixárono sen nada—,  
ollando cara ó lume,  
rise, barulla e fala  
de ir busca-lo gaiteiro  
para que toque a gaita.

R. CABANILLAS, *Vento mareiro* (1926)